

## PLENO

**ACTA 2021/04 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO  
CONCELLO DE OROSO DO 15/03/2021.**

No salón de plenos da casa do Concello de Oroso cando son as 09:30 horas do día indicado comparecen:

- 1 Manuel Mirás Franqueira (PSdeG-PSOE)
- 2 Vanesa Boo Martínez (PSdeG-PSOE).
- 3 Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE)
- 4 Luis Rey Villaverde (PSdeG-PSOE)
- 5 Javier Grela Mosquera (PSdeG-PSOE)
- 6 Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE)
- 7 Alexander Doval Expósito (PP)
- 8 Lidia López Gándaras (PP)
- 9 Silvia Suárez García (PP).
- 10 José Carlos Mosquera Boo (PP).
- 11 José Manuel Mirás Pulleiro (OR)
- 12 María Teresa Cendal Iglesias (OR)
- 13 Isabel Fernández Gallego (BNG).

Actúa como secretario o Secretario do Concello D. Federico Suárez Cancelo, asiste igualmente o interventor da Corporación D. Félix Carrasco del Pozo.

Constitúese o Pleno da Excm. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA

**I PARTE RESOLUTORIA**

1.-Aprobar inicialmente o orzamento da Corporación correspondente ao exercicio 2021. (EXP. 2021/T004/000001).

2.-Aprobar inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Oroso (EXP. 2021/X999/000106).

3.-Aprobar inicialmente a modificación de crédito (crédito extraordinario) 2021/08. (EXP. 2021/T002/000008).

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión e a continuación procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

O Sr. Alcalde da por aberta a sesión pasándose a continuación ao debate e votación dos seguintes puntos da orde do día:

**1.-Aprobar inicialmente o orzamento da Corporación correspondente ao exercicio 2021. (EXP. 2021/T004/000001).**

Logo de ver a proposta de acordo asinada pola Alcaldía que di:

## PLENO

“LOGO DE VER a necesidade de proceder á aprobación do Orzamento Municipal para o exercicio 2021.

E DE VER o informe de intervención favorable de data 4 de marzo de 2021 sobre o cumprimento da regra de gasto, nivel de débeda, estabilidade orzamentaria e límite de gasto non financeiro do orzamento do ano 2021.

E DE VER o informe de intervención favorable de data 4 de marzo de 2020 sobre a aprobación do orzamento do ano 2021.

E DE VER o informe da secretaría favorable de data 5 de marzo sobre a aprobación do orzamento do ano 2021.

CONSIDERANDO o disposto no texto refundido 2/2004 da Lei reguladora das Facendas Locais, e no Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo sexto da citada lei.

CONSIDERANDO que o artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira dispón que o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán, nos seus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

Por medio da presente,

PROPOÑO á Comisión Especial de Contas que previa deliberación e exame do expediente proceda á emisión do ditame favorable á seguinte proposta:

Examinado o proxecto do Orzamento Xeral do Concello, para o exercicio económico de 2021, que presenta o Sr. Alcalde – Presidente, e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións contidas no artigo 112 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, artigo 18 do real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e artigo 168 do TR 2/2004 , procede:

PRIMEIRO.- A aprobación do límite de gasto non financeiro para o exercicio 2021 por importe de 8.968.575,61 euros.

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral para o exercicio 2021 e as Bases de Execución do Orzamento, que van servir para o seu desenvolvemento, de acordo co establecido no artigo 165.1. b) do TR 2/2004 da lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia co artigo 9 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, por importe de no Estado de Gastos e no Estado de Ingresos, segundo o seguinte detalle:

GASTOS
--------

PLENO

CAP.1	GASTOS DE PERSOAL	1.783.319,87 €
CAP.2	GASTO CORRENTE	3.394.315,65 €
CAP.3	GASTOS FINANCEIROS	3.410,80 €
CAP.4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	607.712,50 €
TOTAL GASTO CORRIENTE		5.788.758,82 €
CAP.6	INVERSIÓN	999.929,71 €
CAP.7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €
CAP.8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00 €
CAP.9	PASIVOS FINANCEIROS	111.305,67 €
TOTAL GASTOS DE CAPITAL		1.111.235,38 €
<b>TOTAL XERAL</b>		<b>6.899.994,20 €</b>

INGRESOS		
CAP.1	IMPOSTOS DIRECTOS	1.869.505,25 €
CAP.2	IMPOSTOS INDIRECTOS	325.234,83 €
CAP.3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	825.447,24 €
CAP.4	TRASFERENCIAS CORRENTES	2.828.153,03 €
CAP.5	INGRESOS PATRIMONIALES	7.501,00 €
TOTAL INGRESOS CORRIENTES		5.855.841,35 €
CAP.6	ENAXENACIÓN INVERSIÓN	0,00 €
CAP.7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	966.352,37 €
CAP.8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00 €
CAP.9	PASIVOS FINANCEIROS	77.800,48 €
TOTAL INGRESOS DE CAPITAL		1.044.152,85 €
<b>TOTAL XERAL</b>		<b>6.899.994,20 €</b>

TERCEIRO.- Aproba-la Cadro de persoal, de acordo co disposto no artigo 90.1 da lei 7/85 reguladora das bases de réxime local.

CUARTO.- Aproba-la masa salarial do persoal laboral do concello, de acordo co disposto no artigo 103.bis da lei 7/85 reguladora das bases de réxime local e anexo de persoal por importe de 426.335,01 euros e a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

QUINTO.- Dispoñe-la súa exposición ó público durante o prazo de 15 días hábiles mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de reclamacións, conforme ó disposto no artigo 169 do TR 2/2004, Reguladora das Facendas Locais e o artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril. Se ó termino do período de exposición pública non se presentasen reclamacións, considerarase definitivamente aprobado o orzamento ata entón provisional, inseríndose, resumido por Capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 169.3 do TR

## PLENO

2/2004, Reguladora das Facendas Locais, en consonancia co artigo 20.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.”

Ábrese unha quenda de intervencións.

O Sr. Alcalde sinala que xa se lles remitiu a todos os concelleiros a documentación do orzamento en prazo para que puideran estudiala.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que estes orzamentos veñen avalados polos informes favorables do Secretario e do Interventor da Corporación. Consideramos que se tratan duns orzamentos mais reais que os anteriores, entendemos que se acordaron unha serie de rebaixas fiscais e por iso se produce unha baixa no orzamento respecto ao do ano pasado. En canto aos gastos xa non estamos tan de acordo, existe un remanente de 800.000 euros que se vai a destinar a inversións e que deixa fora a moitas parroquias. Tampouco nos parece ben un gasto de preto de 250.000 euros en facer un ximnasio en clara competencia cos xa existentes e que nos parece innecesario. Por outro lado, tamén están as concesións como as das gardería, a piscina, a escola de música que ata agora era xestionada por un profesional local pero xa non...en definitiva non hai ningún servizo que se preste directamente por empregados municipais, non dicimos todos pero algún podería prestarse por medios propios. Logo está o tema dos arrendamentos, como o da oficina de urbanismo do Concello que está nun local alugado, ou o feito de que o Concello teña en propiedade unha parcela no polígono industrial e non sexa capaz de construír unha nave para o seu material e operarios e teña que usar unha alugada. Igualmente parécenos criticable que o concello teña un contrato marco para a realización dos proxectos técnicos cando conta cun Arquitecto e un Arquitecto Técnico en plantilla ou o feito de que teña tamén un acordo marco para calcular o prezo de licitación dos contratos, contratos que se sacan de xeito periódico e que se pode saber o prezo dun ano para outro.

A continuación toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que pese a que se trate dun orzamento de preto de sete millóns so se destina un a inversión. Botamos en falta algunha inversión mais ambiciosa aínda que entendemos que a situación coa pandemia é complicada. Temos un problema coa área de reparto nº 10 que se terá que arranxar e igualmente consta unha partida de inversións previstas de 140.000 euros en concepto de plusvalía que como xa sinalamos en varias ocasións aínda que se reduce respecto doutros anos, a nosa intención sería a supresión deste tributo a lo menos nos casos de falecemento ou herdanza. Igualmente seguen a ter unha partida de 17.000 euros para publicidade institucional e 10.000 euros no gabinete de prensa cos que non estamos de acordo. Igualmente, en relación ao anexo de persoal consideramos que é importante que se cubran canto antes as prazas de policía local. Anuncia que a fin de que se aproben canto antes e se poida axudar á xente mais necesitada non van a votar en contra dos orzamentos e igualmente non presentarán alegacións.

## PLENO

Toma a palabra D<sup>a</sup>. Isabel Fernández Gallego (BNG) quen afirma que en relación ao tema de prestar os servizos con persoal propio e polo tanto municipalizar os mesmos claro que sería a mellor opción e a mais barata pero si por culpa das normas non se pode nin contratar a un administrativo como se vai a poder municipalizar un servizo, está claro que sería o mellor e o gasto sería menor pero a día de hoxe é imposible.

En canto á partide de publicidade se a dividimos entre as concellerías sae a 205 euros ao mes que non me parece moito para poder darlle publicidade a unha actividade, a unha obra de teatro etc...

Intervén D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen afirma que durante o confinamento tivemos que recompoñer o orzamento do ano 2020 e o Concello de Oro fomos quen de adaptalo. Quere igualmente agradecer o traballo de todos os traballadores do Concello especialmente os de protección civil nuns momentos moi difíciles. Estamos ante uns orzamentos que reforzan as areas mais sensibles como turismo, deportes e especialmente na área social que se incrementa nun 14%. Xa no tema das subvencións, estamos garantindo as subvencións a entidades sen ánimo de lucro en cultura, deportes...tales como AMPAS, protección civil etc...Igualmente tamén reservamos unha partida para a loita contra a violencia de xénero. Igualmente, xa se comentou que se implementan unha serie de medidas fiscais de bonificación nos tributos locais por mais de 200,000 euros que estarán no peto dos veciños e permite que poidan gastar nos comercios locais. Pechouse o exercicio pasado cun superavit de 1.300.000 euros o que nos permite que esa inversión sexa real. Polo que respecta ás declaracións realizadas por D. Alexander Doval Expósito na prensa dicindo que non respondes estes orzamentos ás necesidades de emprego e ás necesidades sociais iso non é así xa que tanto en materia de emprego e de servizos sociais se incrementan as partidas. Critican que 5.000.000 euros se destine a gasto de persoal e a gasto corrente, cando o gasto que se destina a persoal é do 25% un dos mais baixos dos concellos de Galicia e en todo caso non se pode incrementar pola taxa de reposición establecida pola lei que impuso o PP en Madrid. O gasto corrente sempre foi neste concello modélico e en todo caso precisamente ese gasto corrente é o que permite apoiar ao comercio local. Neste sentido, pídelle ao voceiro do PP que non faga demagogia co gasto corrente cando é precisamente para facer inversións no pequeno comercio local.

En canto aos 17.000 euros en publicidade é unha inversión se temos en conta o que realmente se recupera por exemplo cos 600.000 peregrinos que pasaron polo camiño inglés ou na Festa da Troita ou cando se gasta no concurso de tapas supón unha reactivación do comercio e da hostalería local.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) considera que a linguaxe politicamente correcta queda moi ben pero a realidade é que o ano pasado o orzamento ia moi por riba e agora se fixeron unha serie de rebaixas fiscais e por iso baixa. O tema de ter contratadas concesións non é de agora e non é consecuencia da lei que limita a contratación, se non que ven de lonxe e se podía ter subsando

## PLENO

podendo facer pouco a pouco unha estrutura propia a lo menos para algún servizo aínda que non foran todos.

En canto ao Camiño de Santiago, é certo que o Concello o promociona pero a realidade é que a promoción do Camiño de Santiago é da Xunta de Galicia. En canto ao pequeno comercio, son boas as campañas como o concurso de tapas pero o comercio vive do negocio dos 365 días e non dunha semana.

D. Alexander Doval Expósito (PP) afirma que é certo que o Concello non conta cunha plantilla moi ampla e que se apostamos polos traballadores propios sairá mais barato tendo en conta que as empresas buscan o beneficio. Entende que o concelleiro do PSdeG-PSOE teña que defender como sexa o gasto en publicidade pero dicir que os peregrinos veñen gracias a iso cree que é pasarse. Recoñece que é certo que esa partida reduciuse e que é necesario publicitar as actividades e por iso nos imos a abster como xesto de boa vontade.

En canto aos retos que ten que afrontar este orzamento, é claro que o primeiro é o coronavirus pero detrás veñen o emprego, o comercio etc...se tería que buscar algunha forma de axuda directa para o comercio como os bonos que fixeron Ames ou Carballo, recoñecendo que o comercio ten unha situación complicada tendo a Santiago tan preto.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) tras agradecer o xesto do PP de absterse sinala que non é certo que dixera que os 600.000 peregrinos veñan polo gasto en publicidade simplemente puxen un exemplo entre outros. Considera que o gasto en publicidade é ridículo. En canto á baixada da inversión dicir que en todo caso o 90% da mesma vai destinada ao rural. Do que non di nada a oposición é das axudas directas que se lle deron á poboación e mais especialmente ao comercio tales como mascararas, xeles desinfectantes...que se necesita mais, seguro, pero se fixo moito. En canto ao tema da plantilla reiterar que a taxa de reposición nos limitou durante moitos anos, todos queremos aumentar o persoal publico pero legalmente non se pode. Tamén quere lembrar que a Xunta de Galicia recibe fondos do Estado para o rescate e sen embargo os concellos non e estamos aportando e colaborando nesta crise, por exemplo na desinfección dos colexios. Nos tomamos unha serie de medidas fiscais pero a Xunta tamén podería retirar o canon da auga ou rebaixar o tramo autonómico do IRPF ou por exemplo o fondo da Administración Local se mantén na mesma cantidade pero cada vez retira mais fondos a fin de destinalos a proxectos concretos co cal cada vez lle chega menos ao Concello de Oroso. A Xunta vai a poñer agora parece 75 millóns para axudas directas pero vai recibir do estado 300 millóns.

Intervén o Sr. Alcalde quen afirma que cre que está todo dito, agradece a intervención de D. Antonio Leira Piñeiro e D<sup>a</sup>. Isabel Fernández Gallego e sinala que oxalá non volva o Concello á situación na que o colleu el no que se tardaba un ano en cobrar unha factura e existía unha débeda de 75 millóns de pesetas. Pregúntase se D. Alexander Doval Expósito coñece algunha Institución que non faga publicidade institucional, e que o outro día estivo en Madrid e había unha pancarta grande promocionando o xacobeo da Xunta de

## PLENO

Galicia e que non lle parece mal. Considera que o orzamento é bastante limitado e conservador e que outros concellos gastan moito mais do que teñen. Dentro do gasto corrente que se critica vai por exemplo o mantemento dos colexios ou o bacheo ou a limpeza de cunetas. En canto ao Camiño Inglés temos que dicir que os concellos que realmente o empezaron a recuperar foron Betanzos, Neda e Oroso xa que a Xunta ata hai pouco non o recoñecía, e se trata dunha fonte importante de ingresos para o Concello. En canto á débeda do Concello estaríamos en disposición de amortizala pero non interesa nestes intre. En canto á inversión e ao remanente existente é consecuencia dos retrasos nas licitacións derivados da implantación da administración electrónica e da nova lei de contratos e os están a sufrir todas as administracións. Considera que se tratan duns orzamentos austeros e que se lles criticou por exemplo polo gasto de ir a recoller a medalla ao concello de Gois e case non se gastou ou por exemplo os viaxes a Inglaterra polo camiño e se gastou 3.000 euros e nos deron un premio de 5.000 euros.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a proposta de acordo a votación e o Pleno por:

Votos a favor: sete ( 6 do PSdeG-PSOE; e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos).

Abstencións: seis ( 4 do PP e 2 de OR) acorda:

Adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** A aprobación do límite de gasto non financeiro para o exercicio 2021 por importe de 8.968.575,61 euros.

**SEGUNDO.-** Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral para o exercicio 2021 e as Bases de Execución do Orzamento, que van servir para o seu desenvolvemento, de acordo co establecido no artigo 165.1. b) do TR 2/2004 da lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia co artigo 9 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, por importe de no Estado de Gastos e no Estado de Ingresos, segundo o seguinte detalle:

GASTOS		
CAP.1	GASTOS DE PERSOAL	1.783.319,87 €
CAP.2	GASTO CORRENTE	3.394.315,65 €
CAP.3	GASTOS FINANCEIROS	3.410,80 €
CAP.4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	607.712,50 €
TOTAL GASTO CORRIENTE		5.788.758,82 €
CAP.6	INVERSIÓN	999.929,71 €
CAP.7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €
CAP.8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00 €
CAP.9	PASIVOS FINANCEIROS	111.305,67 €
TOTAL GASTOS DE CAPITAL		1.111.235,38 €

## PLENO

<b>TOTAL XERAL</b>	<b>6.899.994,20 €</b>
--------------------	-----------------------

INGRESOS		
CAP.1	IMPOSTOS DIRECTOS	1.869.505,25 €
CAP.2	IMPOSTOS INDIRECTOS	325.234,83 €
CAP.3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	825.447,24 €
CAP.4	TRASFERENCIAS CORRENTES	2.828.153,03 €
CAP.5	INGRESOS PATRIMONIALES	7.501,00 €
TOTAL INGRESOS CORRIENTES		5.855.841,35 €
CAP.6	ENAXENACIÓN INVERSIÓN	0,00 €
CAP.7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	966.352,37 €
CAP.8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00 €
CAP.9	PASIVOS FINANCEIROS	77.800,48 €
TOTAL INGRESOS DE CAPITAL		1.044.152,85 €
<b>TOTAL XERAL</b>		<b>6.899.994,20 €</b>

**TERCEIRO.-** Aproba-la Cadro de persoal, de acordo co disposto no artigo 90.1 da lei 7/85 reguladora das bases de réxime local.

**CUARTO.-** Aproba-la masa salarial do persoal laboral do concello, de acordo co disposto no artigo 103.bis da lei 7/85 reguladora das bases de réxime local e anexo de persoal por importe de 426.335,01 euros e a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**QUINTO.-** Dispoñe-la súa exposición ó público durante o prazo de 15 días hábiles mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de reclamacións, conforme ó disposto no artigo 169 do TR 2/2004, Reguladora das Facendas Locais e o artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril. Se ó termino do período de exposición pública non se presentasen reclamacións, considerarase definitivamente aprobado o orzamento ata entón provisional, inseríndose, resumido por Capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 169.3 do TR 2/2004, Reguladora das Facendas Locais, en consonancia co artigo 20.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.”

**2.-Aprobar inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Oroso (EXP. 2021/X999/000106).**

Logo de ver a proposta de acordo asinada pola Alcaldía que di:

*“Considerando a proposta de alcaldía de data 22/02/2021 de modificación da Relación de Postos de Traballo, que foi obxecto de negociación cos sindicatos e representantes do traballadores en data 1 de marzo.*

*Visto o Informe favorable da Secretaría e Intervención do 4/3/2021.*



## PLENO

*Considerando que é de interese para os traballadores a aprobación da RPT pola incidencia que a mesma ten na clarificación das funcións do persoal do Concello e a súa íntima relación coas retribucións dos mesmos, prevendo na mesma a suba do 0,9 % do complemento específico respecto ás vixentes a 31/12/2020, segundo o disposto no artigo 18 da lei 11/2020 de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2021.*

*Tendo en conta que a competencia para a aprobación da Relación de postos de traballo está atribuída ao Pleno da Corporación, en virtude do establecido, no artigo 22.2 i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o disposto no artigo 123 do RD 2568/1986, do 26 de novembro, esta Presidencia propón ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa a aprobación da seguinte PROPOSTA:*

**PRIMEIRO:** *Efectúa-la modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Oroso de conformidade coa proposta de alcaldía asinada con data de 22/02/2021.*

**SEGUNDO.** *De conformidade co disposto no artigo 202 da lei 2/2015 de emprego público de Galicia, proceder á exposición pública do presente acordo por un prazo de 20 días, contados a partir do seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e formular ante o Pleno as reclamacións que estimen oportunas.*

**TERCEIRO.** *O presente acordo entenderase definitivamente aprobado no caso de non formularse reclamacións durante o prazo de exposición pública.”*

Ábrese unha quenda de intervencións.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que o Concello ten que ter recursos propios e polo que respecta á plantilla da policía local sinalar que non sempre que existe mais policía existe menos delincuencia, aínda que é evidente que é un elemento disuasorio.

D. Alenxader Doval Expósito (PP) indica que non existe ningunha alegación que facer.

Non existindo mais intervencións, o Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a proposta de acordo a votación e a Comisión Informativa por:

Votos a favor: once ( 6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP e 1 do BNG)

Votos en contra: ningún ( 0 votos).

Abstencións: dúas (2 O.R) adopta o seguinte acordo:

PLENO

**PRIMEIRO:** Efectúa-la modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Oroso de conformidade coa proposta de alcaldía asinada con data de 22/02/2021.

**SEGUNDO.** De conformidade co disposto no artigo 202 da lei 2/2015 de emprego público de Galicia, proceder á exposición pública do presente acordo por un prazo de 20 días, contados a partir do seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e formular ante o Pleno as reclamacións que estimen oportunas.

**TERCEIRO.** O presente acordo entenderase definitivamente aprobado no caso de non formularse reclamacións durante o prazo de exposición pública.”

**3.-Aprobar inicialmente a modificación de crédito (crédito extraordinario) 2021/08. (EXP. 2021/T002/000008).**

Logo de ver a proposta de acordo asinada pola Alcaldía que di:

Posto de manifesto na liquidación do orzamento do exercicio 2020 a existencia dun remanente líquido de tesourería positivo por importe de 1.313.367,11 euros.

Considerando a providencia de alcaldía de data 3 de marzo sobre inicio de expediente de modificación orzamentaria mediante crédito extraordinario polas contías que figuran no correspondente anexo.

Visto o informe favorable da intervención municipal de data 4 de marzo sobre o expediente.

De conformidade co previsto no artigo 177.2 TR 2/2004 da lei reguladora das facendas locais en concordancia co artigo 169 da mesma lei,

Propoño ao Pleno do Concello, previo ditame favorable da Comisión especial de Contas, a adopción do seguinte acordo:

1º) A aprobación inicial da modificación de créditos dentro do presuposto de gastos do ano 2020 prorrogado para o exercicio 2021, mediante crédito extraordinario, Núm. 2021/08, ca seguinte desagregación:

ESTADO DE GASTOS

PARTID A	CÓDIGO PROXECTO	CONCEPTO	IMPORT E
933.622.0 0	2021/4/ RLT/1	FINALIZACIÓN DA AMPLIACIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES CASAS NOVOA	309.207,2 8 €

PLENO

	Total modificación estado de GASTOS	309.207,28 €
--	-------------------------------------	--------------

ESTADO DE INGRESOS

CONCEPTO	CONCEPTO	IMPORTE
870.00	REMANENTE DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS	309.207,28 €
	Total modificación estado de GASTOS	309.207,28 €

2º) Dispoñe-la súa exposición ó público durante o prazo de 15 días hábiles mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de reclamacións, conforme ó disposto no artigo 169 do TR 2/2004, Reguladora das Facendas Locais e o artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril. Se ó termino do período de exposición pública non se presentasen reclamacións, considerarase definitivamente aprobado o orzamento ata entón provisional, inseríndose, resumido por Capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 169.3 do TR 2/2004, Reguladora das Facendas Locais, en consonancia co artigo 20.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.”

Ábrese unha quenda de intervencións.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que ao fído que se comentou na Comisión Informativa, non fai falla que o Alcalde se esconda detrás da mesa de contratación, o contrato menor é discrecional e desde o 2013 se están contratando proxectos cun señor co que ten relación o Alcalde e iso está ahí, o propio Alcalde recoñeceu que era o seu amigo. Non se fixo entón un peche de follas rexistras os meses de setembro e de outubro do ano pasado?. Pois xa está.

Intervén D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que o seu grupo se vai abster xa que consideramos que o centro cultural se ten que rematar canto antes. Aclarar que na Comisión Informativa non pretendeu dicir que toda a culpa fora do Concello pero a realidade é que a obra leva moitos meses parada e menos mal que non houbo moita actividade pola pandemia.

Intervén D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen afirma que lle chama a atención que esteamos a falar dun expediente de modificación de crédito e a oposición fale dos amigos do Alcalde que pode ter os amigos que queira. Agradece o tono de D. Alexander Doval Expósito (PP) pero dixo nas redes sociais que no ano 2019 o Alcalde dixo que todo estaba ben e que esperaba as explicacións e o que pasa é que cando o Alcalde dixo iso as cousas ían ben, pero logo a empresa incumpriu e o Concello so está a defender os seus intereses e os dos veciños. Os contratos con tales baixas producen as veces estas situacións.

## PLENO

Intervén o Sr. Alcalde quen afirma que aquí neste punto da orde do día estamos a tratar unha modificación de crédito, o día 25 hai un pleno ordinario onde poden preguntar o que queiran pero agora se teñen que centrar no punto da orde do día.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a proposta de acordo e a Comisión Informativa por:

Votos a favor: sete ( 6 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG).

Votos en contra: dúas ( 2 de OR).

Abstencións: catro ( 4 do PP) adopta o seguinte acordo:

1º) A aprobación inicial da modificación de créditos dentro do presuposto de gastos do ano 2020 prorrogado para o exercicio 2021, mediante crédito extraordinario, Núm. 2021/08, ca seguinte desagregación:

### ESTADO DE GASTOS

PARTID A	CÓDIGO PROXECTO	CONCEPTO	IMPORT E
933.622.0 0	2021/4/ RLT/1	FINALIZACIÓN DA AMPLIACIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES CASAS NOVOA	309.207,2 8 €
		Total modificación estado de GASTOS	309.207,2 8 €

### ESTADO DE INGRESOS

CONCEPTO	CONCEPTO	IMPORTE
870.00	REMANENTE DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS	309.207,28 €
	Total modificación estado de GASTOS	309.207,28 €

2º) Dispoñe-la súa exposición ó público durante o prazo de 15 días hábiles mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de reclamacións, conforme ó disposto no artigo 169 do TR 2/2004, Reguladora das Facendas Locais e o artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril. Se ó termino do período de exposición pública non se presentasen reclamacións, considerarase definitivamente aprobado o orzamento ata entón provisional, inseríndose, resumido por Capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 169.3 do TR 2/2004, Reguladora das Facendas Locais, en consonancia co artigo 20.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.”

E non sendo outro o obxecto da presente sesión o Sr. Alcalde da por rematada a mesma levantándose a sesión cando son as 10:21 horas do día

## PLENO

sinalado ao comezo da presente acta que asina dixitalmente o Secretario da Corporación para dar fe da mesma co visto e prace do Sr. Alcalde – Presidente.

O Alcalde – Presidente.  
Manuel Mirás Franqueira

O Secretario.  
Federico Suárez Cancelo.